

## As misións pedagóxicas e os centros de colaboración no Morrazo (II)

---

**Mestres como Torres Martínez sentaron as promoveron a avaliación continua e a cartilla de notas**

Xerardo Dasairas\*

23·11·19 | Faro de Vigo-Morrazo

<https://www.farodevigo.es/o-morrazo/2019/11/23/as-misiones-pedagogicas-centros-colaboracion-15464967.html>

A seguinte conferencia dos Centros de Colaboración tamén se celebraría en Bueu o 26 de xuño de 1932 no local do Pósito **Marítimo-Terrestre** e correría a cargo de José Torres Martínez, mestre na escola pública da Portela. Este mestre, natural de Marín, xa tiña exercido en Hermelo e posteriormente sería director da Graduada Anexa, profesor do Instituto e da Escola de Maxisterio de Pontevedra, director e profesor da Escola de Maxisterio da Coruña e xefe de Estudos da Escola do Profesorado da Universidade de Santiago ata a súa xubilación.

Torres Martínez é aínda unha figura moi recoñecida na súa vila natal polos seus traballos e libros sobre pedagogía e historia local, destacando tamén o seu labor a prol do desenvolvemento e progreso de Marín, facéndoo acreedor da medalla ao Mérito Docente. A súa disertación naquel día de finais de xuño de 1932 no Pósito, versaría sobre o tema "Un problema de actualidade, colaboración de los **padres** en la obra educativa" no que analizaba as causas da negligencia dos pais na formación dos seus fillos, deixando esta só en mans dos mestres cando debía ser compartida. Tamén propuxo a creación dunhas fichas nas que constase, mediante un gráfico, o labor diario de cada alumno que semanalmente debían ser asinadas polos pais e así controlar o rendemento dos fillos, implicándoos así no proceso formativo. Sería este un precedente da avaliación continua e das cartillas de notas que xa estaban implantadas noutros países.

A seguinte conferencia en **Bueu**, tería lugar o domingo 3 de xullo do mesmo ano, outra vez a cargo de Joaquín Fernández Cambeiro e versaría sobre "El árbol en su aspecto industrial y geográfico".

A finais do curso do 1934, visitaría as escolas do **Concello de Cangas** o inspector de ensino José Gabaldón, quen convocaría aos mestres a unha xuntanza na Escola de Orientación Marítima para crear un Centro de Colaboración Pedagóxica cos compañeiros de Moaña. Pero non sería ata o mes de marzo de 1935 no que volveríamos a ter noticia de actividades dos Centros de Colaboración Pedagóxica, que esta vez, promovidos polo inspector José Gabaldón Navarro, reunen o día 7 aos mestres en Moaña para asistir á charla da mestra Jesusa Rodríguez, que presenta un xuízo pedagóxico sobre o libro de Arcaza "La niña bien instruida" e a súa conveniencia de incorporalo á biblioteca.

A esta charla seguiríalle outra do mestre José Couto sobre o tema "Impresiones sobre el libro 'Corazón' de Edmundo de Amicia". As charlas continuarían agora en Cangas, reuníndose os docentes na escola nº 3 de onde o seu **profesor** Francisco Mosqueira Manso disertaría sobre "Lectura expresiva y artística: La expresión oral y la necesidad de la lectura de los autores clásicos". Outra charla á que asiste todo o profesorado da zona, como era preceptivo, correría a cargo do mestre de Aldán, José María Quinteiro, que centraría o seu tema en "Como favorecer o intercambio de libros".

No mes seguinte, o 11 de abril, terían lugar dúas charlas simultáneas: unha ditada por Rosendo Novo Díaz, mestre do Pósito Marítimo-Terrestre de Darbo, que escollería o tema "Medios más adecuados para fomentar la asistencia escolar de Cangas" e outra en Moaña a cargo do mestre Santiago Barreira Paradela sobre o mesmo tema pero centrado agora nesta vila.

En maio volverían as charlas a Moaña, esta vez da man do mestre señor Cabirta que trataría sobre "Iniciación al estudio de la Geografía", centrada na aplicación desta disciplina nos estudos dos futuros mariñeiros e na utilidade das diferentes representacións cartográficas. Neste mesmo mes e no distrito de Cangas tamén se celebrarían outras conferencias sobre o preocupante e recorrente tema "Como fomentar la asistencia a clase" a cargo do mestre do Pósito de Darbo R. Novo. Na súa disertación incidiría na conciliación do horario escolar coas dispoñibilidades familiares, o desterro dos libros de texto usuais, unha organización máis racional da escola e a incidencia que tén na asistencia á escola, a propia conduta profesional e persoal dos mestres.

A seguir e nas semanas seguintes, disertarían no cine de Cangas a mestra do Hío Adela Palacios sobre "Los reinos de la **naturaleza**", Pío Cribeiro do Pósito de Aldán encol de "Aplicaciones del modelado en la enseñanza", rematando o ciclo a mestra, Elena Reboiras da escola de Balea cunha lección sobre "Los sentidos".

No mes de maio deste mesmo ano 1935 e aínda que fóra das actividades das Misións e dos Centros de Colaboración, tería lugar nas Escolas Graduadas de Marín a inauguración dun roupeiro para os nenos necesitados e unha Cantina Escolar, iniciativa pioneira no ensino español e precedente do que logo serían os comedores escolares. Ao primeiro xantar que se lle serviu aos nenos asistirían as autoridades educativas provinciais e a Miss **Galicia** dese ano, a señorita Filo P. Alcántara, acompañada de distinguidas señoritas da vila marinense.

### **As bibliotecas itinerantes**

Á chegada da República non había a penas bibliotecas públicas en España e ningunha escola rural contaba con libros infantís, de aí que o labor emprendido polo Padroado das Misións iniciase a maior campaña de **lectura** que xamais se fixo no Estado, repartíndose bibliotecas para adultos e nenos polos pobos. En xeral, as coleccións de libros centralizábanse na escola solicitante e o Padroado enviáballe aos mestres solicitantes baixo a garantía de que o encargado faría xirar os libros e usalos con eficacia.

Entre as bibliotecas itinerantes solicitadas no **Morrazo** constan as enviadas a Bueu en abril e maio de 1933 ás escolas da Banda do Río e do Pósito, unha petición non executada para unha escola de Cangas, unha enviada á escola de Tirán e outra a Marín o 7 de marzo de 1935. Coa caída da República foron case 600 os "misionarios" colaboradores que sufriron toda clase de destinos: uns morreron asasinados, outros continuaron na guerra enrolados nas Milicias da Cultura ou nas Brigadas Voantes e moitos foron encarcerados, expedientados ou exiliados, dándose o caso de que tamén algúns se integrasen nas fileiras franquistas. Ao remate da guerra e no proceso de depuración do maxisterio, a Institución Libre de Enseñanza foi saqueada e declarada ilegal e "altamente pernicioso".

F. Martín-Sánchez Juliá, procurador nas Cortes franquistas e propagandista católico cualificaría en 1940 ás Misións Pedagóxicas de "verdadero apostolado del diablo, corruptor de pueblos, enardecedor de revolucionarios del surco y de la estepa. Repartíndose 'bibliotecas **populares**' cuyos libros comprados en masa por sectarios antiespañoles del Ministerio de Instrucción Pública eran manuales de anarquismo (?) con los cuales se "ilustró" a pobres campesinos que sólo sabían leer o a jóvenes obreros con ambiciones políticas".

*\*Mestre e investigador*